



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias abril 2020

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de abril do ano 2020 acadou a cifra de 974.770 para o total do sistema, o que supón unha diminución respecto ao pasado mes de marzo de 2020 de 27.853 afiliacións (-2,78%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.458.667, rexistrando unha diminución do 2,88% con respecto ao pasado mes de marzo

Na comparativa interanual (abril de 2020 con abril de 2019) obsérvase unha diminución de 35.822 afiliacións no total do sistema en Galicia (-3,54%) e unha diminución do 4,01% (771.695 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de marzo de 2020, rexístrase unha baixada das afiliacións en todas as comunidades autónomas, agás en Illes Balears (2,03%), destacando principalmente o descenso producido en Canarias (-4,87%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas negativas en todas as comunidades autónomas. O descenso máis acusado rexístrase en Illes Balears, mentres que Navarra é a comunidade que menos descende.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2020	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.458.667	-548.093	-2,88	-771.695	-4,01
Galicia	974.770	-27.853	-2,78	-35.822	-3,54
Andalucía	2.961.458	-123.259	-4,00	-192.913	-6,12
Aragón	554.476	-13.399	-2,36	-17.464	-3,05
Asturias	350.997	-8.529	-2,37	-13.439	-3,69
Illes Balears	460.850	9.154	2,03	-44.091	-8,73
Canarias	759.346	-38.831	-4,87	-50.776	-6,27
Cantabria	208.356	-5.910	-2,76	-8.280	-3,82
Castilla La Mancha	674.237	-19.809	-2,85	-24.183	-3,46
Castilla y León	884.416	-21.582	-2,38	-30.465	-3,33
Cataluña	3.309.946	-89.841	-2,64	-133.968	-3,89
Comunitat Valenciana	1.824.635	-72.416	-3,82	-80.507	-4,23
Extremadura	375.147	-8.191	-2,14	-19.976	-5,06
Madrid	3.140.544	-86.447	-2,68	-81.454	-2,53
Murcia	577.402	-13.322	-2,26	-14.595	-2,47
Navarra	282.181	-4.775	-1,66	-4.138	-1,45
País Vasco	948.970	-18.418	-1,90	-14.119	-1,47
La Rioja	125.221	-3.015	-2,35	-3.580	-2,78
Ceuta e Melilla	45.714	-1.648	-3,48	-1.927	-4,04

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de marzo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social diminuíu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta a maior caída nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do -3,84%, o que supón 13.542 afiliacións menos, seguida de A Coruña (-3,59%), Lugo (-3,21%) e, por último, Ourense (-2,72%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de abril con respecto ás do mes de marzo de 2020, rexistrouse en Galicia unha diminución do 2,78%. Todas as provincias amosan datos negativos, producíndose a maior baixada en Pontevedra (-3,16%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2020	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	418.637	-12.204	-2,83	-15.579	-3,59
LUGO	118.467	-2.240	-1,86	-3.935	-3,21
OURENSE	98.989	-2.361	-2,33	-2.765	-2,72
PONTEVEDRA	338.678	-11.048	-3,16	-13.542	-3,84
GALICIA	974.770	-27.853	-2,78	-35.822	-3,54
ESPAÑA	18.458.667	-548.093	-2,88	-771.695	-4,01


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,8% das afiliacións galegas en abril de 2020, diminuíron un 3,30% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase unha diminución do 3,95%. En España estas taxas foron do -3,22% con respecto a marzo de 2020 e do -4,48% en relación ao mes de abril de 2019. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (70,6%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de variación interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -2,01%. Para este réxime e con respecto ao mes de marzo de 2020, baixan todas as provincias, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,78%. As taxas nacionais para este réxime presentan baixadas, tanto con respecto a abril de 2019 (-1,70%), como a marzo de 2020 (-1,27%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a abril de 2019, rexístranse baixadas en todas as provincias, destacando Pontevedra (-4,73%). A taxa galega sitúase entón no -3,90%, superior á de España (-5,74%). Con respecto a marzo de 2020, a única taxa positiva atopámola en Lugo (0,99%), mentres que A Coruña presenta unha taxa moi negativa (-5,27%). A taxa galega amosa así unha diminución do 3,16% con respecto a marzo de 2020. A taxa nacional é do -2,19%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN ABRIL 2020	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	418.637	-2,83	-3,59
LUGO	118.467	-1,86	-3,21
OURENSE	98.989	-2,33	-2,72
PONTEVEDRA	338.678	-3,16	-3,84
GALICIA	974.770	-2,78	-3,54
ESPAÑA	18.458.667	-2,88	-4,01
R. XERAL			
A CORUÑA	329.140	-3,31	-3,99
LUGO	83.596	-2,43	-3,53
OURENSE	75.725	-2,80	-2,74
PONTEVEDRA	259.854	-3,72	-4,38
GALICIA	748.315	-3,30	-3,95
ESPAÑA	15.184.892	-3,22	-4,48
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	83.857	-0,74	-2,07
LUGO	33.346	-0,52	-2,40
OURENSE	23.264	-0,76	-2,64
PONTEVEDRA	65.944	-0,98	-1,51
GALICIA	206.411	-0,78	-2,01
ESPAÑA	3.211.267	-1,27	-1,70
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.640	-5,27	-2,08
LUGO	1.525	0,99	-3,46
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.879	-2,69	-4,73
GALICIA	20.044	-3,16	-3,90
ESPAÑA	61.283	-2,19	-5,74

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>